

# La Región

## O PSOE insta a fomentar a concentración de terras no Irixo

Redacción | 24 de Octubre de 2016

Con estas reunións, os socialistas pretenden que os veciños teñan toda a información para que poidan decidir solicitala ou non, como recentemente xa fixeron na parroquia de San Cosme.

O portavoz do grupo municipal socialista do Irixo, Iago Fariñas Valiña, pesentou unha moción para solicitar ao pleno a organización de reunións informativas nas parroquias para abordar os beneficios e perxuízos da concentración parcelaria neste concello. Con estas reunións, os socialistas pretenden que os veciños teñan toda a información para que poidan decidir solicitala ou non, como recentemente xa fixeron na parroquia de San Cosme.

Con ese fin, instan ao goberno municipal a que se dirixa á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para solicitar técnicos e responsables que asistan ás reunións informativas sobre os procesos de concentración parcelaria en cada parroquia. Tamén insisten os socialistas en que a ditas reunións se invite a algún técnico independente que fale non só dos beneficios senón tamén dos inconvenientes.

Puede ver este artículo en la siguiente dirección <http://www.laregion.es/articulo/o-carballinho/psoe-insta-fomentar-concentracion-terras-no-irixo/20161024091246658364.html>

© 2016 La Región

# La Región

© La Región S.A.

Contenidos con licencia [Creative Commons](#)

opennemas | POWERED BY OPENHOST